


# СЯЄБИНСК4



## **Crebas**

obxectos de máis ou menos valor  
que o mar deposita na costa.

## **Crebinsky**

referente ás persoas que teñen  
como principal actividade recoller crebas.



Unha road movie auténtica, unha viaxe interior de encontros inesperados, sentimentos ocultos e recordos borrados. Os Crebinsky están perdidos, e sen saber onde van, rematan descubriendo de onde veñen.

## O filme

Crebinsky naceu como curtametraxe no ano 2002 da man do director Enrique Otero. Agora as produtoras galegas **Control Z, Chevere Visión e Zircozine**, de novo baixo a dirección de Quique Otero, convértena nunha sorprendente longametraxe, unha das películas máis agardadas do cine galego.

Miguel de Lira (Feodor) e Segio Zearreta (Mijail) son dous irmáns aos que as chuvias torrenciais arrastran cando son pequenos, xunto coa súa vaca Muchka, a un lugar perdido da costa. Illados do mundo e dos acontecementos bélicos que os rodean, crecen ao pé dun faro, sobrevivindo de recoller as cousas que trae o mar, as crebas. Alí crean o seu propio mundo: **un universo particular de realismo fantasioso.**

O ritmo cotiá de convivencia coa súa vaca Muchka vese alterado cando esta desaparece. É entón cando os irmáns inician unha busca desesperada que os levará da costa cara ao interior, e na que toparán con nazis, falanxistas e soldados ianquis.



## Ficha técnica

**Título orixinal:** Crebinsky

**Director:** Enrique Otero

**Guionistas:** Enrique Otero e Miguel de Lira

**Formato:** 35 mm

**Duración:** 90 minutos

**Idiomas:** Galego, español, inglés e alemán

**Montaxe:** J. R Lorenzo e Enrique Otero

**BSO:** Pablo Pérez

**Director de fotografía:** Sergio Franco

**Produtores executivos:** Farruco Castromán (Zircozine)

Enrique Otero (Control Z)

Miguel de Lira (Chévere Visión)

**Dirección de produción:** Pilar Pérez Solano e Sergio Gil

**Dirección de arte:** Ángel Amaro e Fernanda Cuiña


**Deseño de vestiario:** Carlos Alonso e Eva Camino

**Maquillaxe e peiteado:** Susana Veira

**Son:** Xavier Souto

**Animacións e efectos:** Juan Pablo Echeverry

**Empresas produtoras:** Control Z, Chévere Visión, Zircozine



# O elenco

## Miguel de Lira

A televisión deulle popularidade a este actor curtido nos escenarios coa compañía Chévere. Participou en moitas curtas e nunha ducia de longametraxes, entre as que están *Entre bateas*, *Galatasaray-Dépor*, *Urxa* ou *A noite que deixou de chover*. Entre os seus personaxes máis recordados atópanse Currás, Pepe o Inglés e, como non, Feodor Crebinsky.



## Sergio Zearreta

Naceu en Euskadi pero creceu como actor nos escenarios galegos, en compañías como Maricastaña e Matarile.

Outros escenarios o viron triunfar como voz da charanga tropical de Lamatumbá. Secundario recoñecible en series galegas, Zearreta convértese nesta ocasión en Mijail Crebinsky.



## Luis Tosar

O máis internacional dos actores galegos non podía faltar nesta peli. Do seu papel en *Atilano Presidente* ao Goya e a aclamación popular por *Celda 211*, Tosar foi medrando en versatilidade e sona ao longo de máis de 35 películas, incluíndo dúas que lle valeron outros Goya: *Os luns ó sol* e *Te doy mis ojos*. Nesta ocasión fálanos en inglés desde as tripas dun submarino aliado.




## Celso Bugallo

Xa era un actor de referencia no audiovisual galego cando se deu a coñecer fóra co seu papel de Amador en *Os luns ó sol*.

Desde entón consolidouse como un secundario de luxo no cine español, máis aínda despois de lograr o Goya ao mellor actor de reparto polo seu papel en *Mar adentro*. Agora súbese ao alto dun faro para observar desde alí as evolucións dos irmáns Crebinsky.





# O elenco

## Oliver Schultz

Quen mellor que un actor alemán para interpretar a un oficial alemán. O berlinés Oliver Schultz participou en varios filmes para cine e televisión en Alemaña, como *Die Büste*, *In Between* e *Berlin am Meer*. Agora fai a súa primeira incursión no cine galego para interpretar a un capitán nazi.



## Farruco Castromán



Alternando as tarefas de actor e produtor, participou nun feixe de filmes nos últimos anos. Aos seus

traballos en *Bolboreta*, *mariposa*, *papallona*, *A noite que deixou de chover*, *Al final del camino*, *El don de la duda* e *Doentes*, suma agora o seu papel como falanxista guiando aos nazis polas terras de Galicia.

## Patricia de Lorenzo

Da factoría Chévere chega esta actriz que mestura voz e carácter. Aínda que é máis habitual vela no teatro que na pantalla, participou en filmes como *Galatasaray-Dépor* e *Máis ca irmáns* e na serie *Pepe o Inglés*. Na verbena dos Crebinsky interpreta ao amor da infancia de Feodor, convertida nunha vedette vida a menos.



E tamén...

Yolanda Muiños

Jorge Taboada

Óscar Pombo

Oliver Bigalke

Pepe Soto

Iván Marcos

Antía Baget

Manuel Cortés

Roberto Sánchez "Luna"

Danny Raatzke



# O director

**Enrique Otero** (A Coruña, 1971) comeza paralelamente no mundo da imaxe e no da música, ao rodar en 1992 a súa primeira curta, *Coitelo*, e gravar o seu primeiro disco, *Nautilus*, coa formación Kozmic Muffin, coa que permanece oito anos de xiras, concertos e espectáculos parateatrais.



Combina o seu traballo en televisión e publicidade coa súa afección pola fotografía. Pero segue ligado ao son co seu estudo Control Z, onde se xuntan os seus dous mundos, ao sonorizar ficcións (*De tripas e corazón*, *Minotauromaquia*, *A flor máis grande do mundo*) e compor bandas sonoras orixinais.

Comeza entón a vida dos irmáns *Crebinsky*, unha curtametraxe que en 2002 gaña o 7º festival A Fila de Valladolid. Dirixe, a partir de aí, outras curtametraxes como *Parole* (2005) finalista do Notodofilmfest de Canal +, *A dúas velas* (2006) e *En Plan Galicia* (2006), a videocreación *Microfundismos* e o documental *Falan de nós*.

Tras varios anos traballando, xunto a Miguel de Lira, sobre a idea de converter a curtametraxe *Crebinsky* nunha longa, nace a película co mesmo título que se fai realidade en 2010.

Segue activo no mundo da música a través da Orquestra de Música Espontánea de Galicia (O.M.E.G.A), unha formación de música improvisada, e da Banda Crebinsky, creada a partir da composición da banda sonora orixinal da película, mentres traballa no documental *Inventarios*, e o seu próximo proxecto de longametraxe *Caixa Negra*.



# As produtoras



A produtora **Control Z** nace da unión de tres realizadores, Adrian Piñeiro, Xacobe Sineiro e Enrique Otero, para crear un espazo común no que levar a cabo os seus proxectos. Desde 2006 funciona como plataforma de ideas e creacións audiovisuais.

Ao longo de catro anos Control Z realizou un intenso traballo de produción de documentais, formatos televisivos e publicidade, para chegar á produción da súa primeira longametraxe, *Crebinsky*.


Actualmente atópanse na preprodución dos filmes *Caixa negra* e *Limbo*.

Ao longo destes anos, Control Z produciu, entre outros traballos, o documental de videocreación *Microfundismos*, os documentais *Falan de nós*, *ROL* e *Linguas cruzadas*, a curta de animación 3D *O raio transparente* e a serie documental *Hai que mollarse*.



Chévere é unha compañía de teatro con máis de vinte anos de traxectoria, nos que se converteu nun dos grupos máis dinámicos e populares de Galicia, cunha estética e un sentido do humor propios e recoñecibles. Co humor como filosofía e a risa como expresión, trataron de achegarse e interesar a un público amplo e plural, e desde 1992 fano tamén desde a Sala NASA que xestionan en Santiago de Compostela.

Nos últimos anos a compañía afondou na creación audiovisual mediante **Chévere Visión**, propiciando proxectos que van do cine, con *Crebinsky*, ás creacións interactivas en internet con *Redenasa.tv*, pasando por pezas didácticas e publicitarias, vídeos para os espectáculos *Ultra-noite*, curtametraxes para a película colectiva *Hai que botalos* e series de televisión como *Pepe o Inglés*, emitida durante dúas tempadas na TVG.



**Zircozine** é unha produtora galega independente fundada en 2007 en Compostela por Luis Tosar e Farruco Castromán co fin de producir cine, teatro e televisión apostando pola calidade e o talento novo. Ademais de *Crebinsky*, Zircozine produciu outras tres longas en só tres anos.

A primeira é a comedia *Al final del camino*, en coprodución con Antena 3 e Lazona Films, dirixida por Roberto Santiago e protagonizada por Fernando Tejero e Malena Alteiro. A segunda é *18 comidas* de Jorge Coira, unha proposta valente baseada na improvisación, con actores da talla de Luis Tosar, Cristina Brondo, Milan Tosinovsky, María Vázquez, Víctor Clavijo e Esperanza Pedreño. A terceira é *Doentes*. Entre os proxectos en desenvolvemento atópase a tv-movie *Encallado*, sobre o sumario do caso "Prestige", *Los fenómenos* e *Chilewood*, a primeira coprodución internacional.





**+ info...**

**[www.crebinsky.com](http://www.crebinsky.com)**

<http://www.facebook.com/crebinsky>

<http://www.youtube.com/crebinskyfilm>

<http://vimeo.com/crebinsky>

<http://www.flickr.com/photos/crebinsky>